

CIRCULAR DE FINAL DE CURSO

Estimadas familias:

Este venres 20 de xuño finaliza o curso 2013 – 2014. Por este motivo informámosvos dalgúns asuntos que seguro serán do voso interese:

- ⇒ A entrega de calificacións ao alumnado será o 20 de xuño con carácter xeral.
- ⇒ O mesmo venres 20 ás 13,15 h. no Salón de Actos faremos a tradicional entrega de orlas ao alumnado de 5 anos que termina a etapa de Educación Infantil.
- ⇒ A entrega de orlas e documentos oficiais ao alumnado de 6º de Primaria será tamén o venres 20 ás 17,30h no Salón de Actos, en compañía das súas familias e o profesorado.
- ⇒ O luns 23 entre as 10 e as 12h o profesorado atenderá ás familias que así o soliciten.
- ⇒ O prazo de reclamación das calificacións remata o venres 27 de xuño.
- ⇒ **Libros de texto.** No reverso desta folla tedes a listaxe de libros de texto para o curso seguinte. Lembrede que o 02 de xullo remata o prazo para solicitar, na secretaría do Centro, as axudas da Xunta para comprar os libros de texto de primaria.
- ⇒ **Banco de Libros.** O xoves 19 e venres 20 o alumnado de 3º a 6ºEP que participe nesta iniciativa, debe deixar os libros na clase, recibindo un vale que poderá canxear por libros para o vindeiro curso os días 25 e 26 de xuño. (consultar circular enviada)
- ⇒ Durante os meses de xullo e agosto podedes obter información a través da web do colexio e utilizando o correo electrónico ceip.fernandez.latorre@edu.xunta.es
- ⇒ As clases, no vindeiro curso 2014 – 2015, comezarán previsiblemente o día 10 de setembro as 9 h.

Despedímonos afectuosamente do alumnado e as familias, que por diferentes motivos deixan o Colexio, especialmente dos de sexto de primaria, desexándolles a todos moita sorte na nova etapa que iniciarán en setembro.

Por último, desexamos a todos-as un feliz verán, e esperamos seguir contando coa vosa confianza, dispoñibilidade e participación no vindeiro curso.

En A Coruña, a 18 de xuño de 2014

A Dirección.